

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

*Acordo da Xunta de Goberno do 28/12/2018 polo que se aproban as Bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico deportivo durante o ano 2019,*

*Bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico deportivo durante o ano 2019*

Por Acordo da Xunta de Goberno do 28 de decembro de 2018, aprobáronse as Bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico deportivo durante o ano 2019, que se transcriben deseguido:

#### PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA CONTRATAR PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO DURANTE O ANO 2019

##### BASES ESPECÍFICAS DO PROGRAMA (complementarias das Bases reguladoras xerais)

##### Datos do programa

Denominación:	Programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico deportivo durante o ano 2019
Referencia:	F0106/2019
Aplicación orzamentaria:	0612/3411/46201 - Importe mínimo 980.000,00€ Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria
Importe do orzamento de gastos:	Sen límite
Importe da subvención que se ha conceder:	Máximo de 15.000 €
Importe solicitado:	Ata o 80% do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento:	0,80

#### Base 3. Obxecto

##### 3.1.- Obxecto específico do programa F0106/2019

As axudas económicas obxecto do presente programa destinaranse a financiar a contratación de persoal técnico deportivo municipal co obxecto de garantir o desenvolvemento de programacións de carácter estable previstas polos concellos e entidades locais.

Unicamente serán obxecto de axuda os gastos de nóminas e seguridade social, ou no seu caso o importe do contrato de servizos.

A Deputación contribuirá cun importe igual por concello/agrupación de concellos, de acordo co seguinte:

\* Concello/agrupación de concellos que contén na súa plantilla, ou se comprometan a contratar, persoal técnico deportivo coa titulación de Grado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte ou equivalente; ou de Mestre Especialista en Educación Física ou equivalente e que traballe a xornada completa (37,5 horas semanais o mais): ata un máximo de 15.000 €

\* Concello/agrupación de concellos que contén na súa plantilla, ou se comprometan a contratar, persoal técnico deportivo coa titulación de Grado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte ou equivalente; ou de Mestre Especialista en Educación Física ou equivalente e que traballe a media xornada (menos de 37,5 horas semanais): ata un máximo de 10.000 €

\* Concello/agrupación de concellos que contén na súa plantilla, ou se comprometan a contratar, persoal técnico deportivo coa titulación de Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, e que traballe a xornada completa (37,5 horas semanais ou máis): ata un máximo de 10.000 €

\* Concello/agrupación de concellos que contén na súa plantilla, ou se comprometan a contratar, persoal técnico deportivo coa titulación de Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas e que traballe a media xornada (menos de 37,5 horas semanais): ata un máximo de 7.500 €

Estes importes máximos corresponden á contratación a tempo completo e duración anual, no caso de non ser así reduciranse os importes proporcionalmente.

En ningún caso a Deputación aboará cantidade ningunha ao persoal técnico deportivo de forma directa, xa que todos os pagos os realizarán os concellos contratantes.

A participación neste programa non suporá relación contractual ningunha entre a Deputación e o persoal técnico deportivo.

### 3.2.- Gastos subvencionables neste programa:

CONTA	DESCRICIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PLAN XERAL DE CONTABILIDADE
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social a cargo da entidade
623	Servizos profesionais independentes (contratacións externas)

### Base 4. Compatibilidades e exclusións

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

#### Exclusións específicas do programa F0106/2019

Ademais das exclusións expresadas na base 4 das Bases reguladoras xerais, non serán obxecto de subvención neste programa:

Os gastos de manutención, aloxamento e atencións protocolarias.

Os gastos financeiros.

A impartición de clases

As actividades culturais, de promoción económica, de servizos sociais e de turismo.

### Base 6. Obrigas das entidades locais

#### Obrigas específicas das entidades locais solicitantes do programa F0106/2019

Ademais das obrigas expresadas na base 6 das bases reguladoras, as entidades solicitantes de subvención neste programa terán as seguintes:

- Aboar, como mínimo, o 20% dos gastos derivados deste programa.
- Realizar a contratación do persoal técnico deportivo no ano 2019, en réxime de dereito laboral ou administrativo, con cumprimento das disposicións vixentes, no caso de non contar cunha persoa técnica deportiva no cadro de persoal do concello.
- O persoal técnico deportivo, contratado ou que se vai contratar, deberá estar en posesión do Grado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte ou equivalente; ou de Mestre Especialista en Educación Física ou equivalente, ou Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas.

### Base 7. Solicitude

#### 7.1 Prazo e presentación de solicitudes específicos do programa F0106/2019

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria do presente programa no BOF, a través do Sistema Nacional de Publicacións de Subvencións.

## 7.2 Documentación específica do programa FO106/2019

Ademais da documentación relacionada na base 7.2 das bases reguladoras, os concellos e entidades locais solicitantes teñen que achegar, de xeito telemático:

### 1.- Memoria explicativa da actividade que conterà os seguintes aspectos:

- \* Breve descrición das funcións a realizar polo persoal técnico deportivo.
- \* Nome e apelidos do técnico para o que se solicita a subvención (no caso de telo xa contratado) ou, caso contrario, indicar que se trata dunha nova contratación.
- \* Titulación do persoal técnico deportivo para o que se solicita a subvención.
- \* Calendario de realización das funcións do técnico deportivo municipal, no ano 2019
- \* Tipoloxía do contrato
- \* Duración da xornada laboral.
- \* Ámbito territorial do proxecto (ámbito supramunicipal das accións e coordinación coas administracións competentes).

### 2.- Orzamento do gasto derivado da contratación do técnico deportivo.

### 3.- Declaración de compromiso da utilización da lingua galega na realización do proxecto.

4.- Declaración de compromiso de participación do persoal técnico deportivo, nas actividades formativas organizadas pola área de Deportes da Deputación da Coruña no ámbito das políticas deportivas.

Poderase requirir o concello ou entidade local para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

## Base 8. Resolución

A Deputación contribuirá cun importe igual por concello/agrupación de concellos, de acordo co seguinte:

- Ata un máximo de 15.000 euros no caso do persoal con titulación universitaria e xornada completa.
- Ata un máximo de 10.000 euros no caso do persoal con titulación universitaria e media xornada.
- Ata un máximo de 10.000 euros no caso do persoal con titulación de formación profesional e xornada completa.
- Ata un máximo de 7.500 euros no caso do persoal con titulación de formación profesional e media xornada.

No caso de que o crédito existente na aplicación orzamentaria destinado á presente convocatoria sexa insuficiente para atender a tódalas solicitudes presentadas, estes importes máximos reduciranse proporcionalmente en función das solicitudes presentadas e o crédito dispoñible.

## Base 9. Xustificación e pagamento

### 9.3 Documentación específica do programa FO106/2019

1.- Memoria da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, que conterà, como mínimo, os seguintes aspectos: funcións realizadas polo persoal técnico deportivo, actividades desenvolvidas; temporalización; ámbito territorial; cuantificación e perfil dos participantes; resultados obtidos. A memoria terá que estar feita polo/a técnico/a de deportes e nela constará a súa identificación completa (nome, apelidos, titulación e cargo, e especificación do tempo da xornada laboral) e presentarse asinada polo representante da entidade.

2.- Certificación expedida polo secretario do concello ou entidade local dos pagos realizados ao/á técnico/a de deportes entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019, que indicará para cada traballador e mes: o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade local, se é o caso.

### 3.- Documentación relativa ao contrato:

#### Relación laboral:

- Copia do contrato vixente que o concello/agrupación de concellos/ formalice coa persoa técnica contratada, ou coa empresa prestadora do servizo; ou no seu defecto copia da resolución/acordo xunta de goberno, que dispoña a contratación do servizo; ou copia da acta da toma de posesión se é persoal funcionario.

#### Titulación:

- Copia da titulación académica

**Temporalidade do contrato:**

No caso de que por circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, non fose posible acreditar a cobertura do posto de traballo para o que se percibe a subvención, durante toda a anualidade, deberase reintegrar a parte proporcional da achega da deputación, que se calcula:

$$\text{reintegro} = \frac{\text{axuda x días sen servizo}}{365}$$

A Coruña, 28 de decembro de 2018

O Presidente

Valentín González Formoso

O Secretario

José Luis Almu Supervía

2018/9809